

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-06-2026, ditou a resolución con número 1672/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da listaxe de agarda de persoal laboral a tempo parcial para a cobertura temporal de postos de traballo de profesor/a de trompeta.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000006-/-2026/G003/001810

Antecedentes

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 1269/2026, do 07 de maio de 2026 (BOP núm. 89 do 14/05/2026), aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo de persoal para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral a tempo parcial para a cobertura temporal de postos de traballo de profesor/a de trompeta.

Segundo.- Con data 10/06/2026 publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal), o Anexo III da Acta núm. 2 do Tribunal cualificador coas puntuacións da fase de concurso, de oposición e puntuación final do proceso selectivo.

Coa dita publicación abriuse o prazo de dous (2) días hábiles para que os aspirantes puideran presentar as reclamacións/alegacións que considerasen oportunas

Terceiro.- Con data 12/06/2026 (as 00:00 horas) rematou o prazo de presentación de reclamacións concedido as persoas aspirantes do proceso selectivo, sen que se teña presentado ningunha reclamación.

Cuarto.- O Tribunal seleccionador, segundo consta na acta núm. 2 do 09/06/2026, pax. 9, propón o seguinte:

«**Primeiro.** De acordo coas base decimo terceira das coa bases reguladoras que rexen a convocatoria, e para o caso de que, no prazo de dous días hábiles concedidos ao efecto, os aspirantes non se presenten reclamacións/alegacións, propónse a Alcaldía a aprobación da listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor CMUS, especialidade de **Trompeta** no Conservatorio profesional de música de Carballo, integrada polas seguintes persoas.

Proposta de listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor CMUS de Carballo, especialidade de Trompeta.

Nº	DNI	APELIDOS E NOME	FASE DE CONCURSO	FASE DE OPOSICIÓN			TOTAL
				1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	
1	***6840**	GAJETE MARTIN JUAN JOSÉ	9,215	50,52	APTO	APTO	59,735
2	***9385**	ENJO PÉREZ DARIO	0,247	53,16	APTO	APTO	53,407
3	***086**	PIÑEIRO RIVAS SARA	0,00	37,32	APTA	APTA	37,32

»

Transcorrido o prazo de reclamacións aberto coa dita publicación, non se presentaron

alegacións polo que a dita proposta do Tribunal elévase á aprobación da Alcaldía.

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor CMUS de Carballo, especialidade de Trompeta (Grupo II), segundo a proposta elevada a esta Alcaldía polo Tribunal Seleccionador, incluída na Acta núm. 2 do 09/06/2026), e de conformidade ao indicado na Base 13 das Bases reguladoras da convocatoria (Listaxe de agarda de persoal laboral temporal).

Listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor CMUS de Carballo, especialidade de Trompeta.

Nº	DNI	APELIDOS E NOME	FASE DE CONCURSO	FASE DE OPOSICIÓN	TOTAL
1	***6840**	GAJETE MARTIN JUAN JOSÉ	9,215	50,52	59,735
2	***9385**	ENJO PÉREZ DARIO	0,247	53,16	53,407
3	***086**	PIÑEIRO RIVAS SARA	0,00	37,32	37,32

Segundo.- Estas listaxe de agarda terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma.

Así mesmo, a vixencia das listaxes poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral temporal axustarase ao disposto na Instrución reguladora de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo que estea vixente no momento en que se realice o chamamento da persoa aspirante.

A Instrución vixente á data da presente resolución está publicada no BOP da Coruña núm. 31 do 14/02/2025).

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos, e con carácter complementario, na páxina web municipal..

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Tribunal de Instancia de A Coruña, sección do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales